



MARÍA DEL CARMEN ANTELO LODEIRO, SECRETARIA-INTERVENTORA DO  
CONCELLO DE O PINO (A CORUÑA)

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria que tivo lugar o día 27/07/2016, adoptou, entre outros, o seguinte acordo, que, copiado literalmente di:

**"2.- ADXUDICACIÓN CONTRATO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESÍDUOS SÓLIDOS URBANOS E LIMPEZA VIARIA.**

Visto que mediante acordo do Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 30/03/2016, aprobáronse os pregos técnicos e administrativos para a contratación do servizo para a recollida e transporte de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria, mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria.

Visto que con data 05/04/2016 publicouse o anuncio de licitación no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil do contratante do órgano de contratación, con data 08/04/2016 no Diario Oficial de Galicia, con data 12/04/2016 no Boletín Oficial da Provincia, con data 14/04/2016 no Boletín Oficial do Estado, a fin de que os interesados puideran presentar as súas proposicións ata o día 10/05/2016.

Visto que durante a licitación presentáronse as proposicións que constan no expediente.

Visto que con data 23/05/2016 constituíuse a mesa de contratación e procedeu á apertura dos sobres A e B, realizando a valoración técnica correspondente.

Visto que con data 02/06/2016 reúnese novamente a mesa de contratación, en sesión pública, para poñer de manifesto o contido do Sobre A, o contido e valoración do Sobre B e a apertura do Sobre C, correspondente á proposta económica, proponendo ó órgano de contratación a adxudicación, ó obter a puntuación máis alta, á proposición presentada por URBASER SA.

Visto que o Pleno da Corporación na sesión ordinaria que tivo lugar o día 30/06/2016 acordou notificar e requerir á Empresa URBASER SA, para que no prazo de dez días hábiles a contar dende o seguinte a aquél en que houbera recibido o requerimento, presente a documentación a que fai referencia o artigo 146.1 do TRLCSP, a documentación xustificativa de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, de dispoñer efectivamente dos medios que se houberse comprometido a dedicar ou adscribir á execución do contrato, e de constituir a garantía definitiva que sexa procedente.

Visto que con data 13/07/2016, URBASER SA presentou no Rexistro Xeral do Concello a fianza definitiva en forma de aval, por importe de 18.787,07.-€, con

inscripción no rexistro especial de avais có número 355584.

Visto que con data 14/07/2016, a devandita empresa presentou no Rexistro Xeral do Concello o resto da documentación requirida,

A Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno da Corporación acordada en sesión do 30/06/2016, por unanimidade e de conformidade có establecido no artigo 151.4 e a Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, acorda:

**PRIMEIRO:** Adxudicar a URBASER SA, con CIF Nº A-79524054, polo prezo de CENTO TRES MIL TRESCENTOS VINTEOITO EUROS CON NOVENTA E UN CÉNTIMOS (103.328,91.-€, IVE ENGADIDO) o contrato de servizos para a recollida e transporte de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria.

**SEGUNDO:** Notificar a adxudicación ós licitadores que non resultaron adxudicatarios.

**TERCEIRO:** Notificar a URBASER SA, a adxudicación do contrato. Conforme ó artigo 156.3 TRLCSP, ó ser susceptible de recurso especial en materia de contratación (artigo 40.1 TRLCSP), o contrato non poderá formalizarse ata o transcurso de 15 días hábiles dende a notificación da adxudicación. Transcorrido o cal sen recurso algún, procederáse á formalización do contrato en documento administrativo.

**CUARTO:** Publicar a adxudicación do contrato no perfil do contratante: [www.concellodeopino.com](http://www.concellodeopino.com) e , no seu caso, publicar anuncio no Diario Oficial da Unión Europea, no Boletín oficial do Estado, Diario Oficial de Galicia, Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, no prazo de corenta e oito días a contar dende a data da formalización do contrato.

**QUINTO:** Comunicar os datos básicos do contrato ó Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade có disposto no artigo 333.3 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.”

E para que conste e surta os efectos oportunos, expido a presente certificación, de orde e có visto e praxe do Sr. Alcalde, en O Pino, a vinteito de xullo de dous mil dezaseis.

Vº e praxe,

